

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE XUÑO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María Begoña Calviño Dorado  
D. José Ramón Lorenzo Carou  
D.<sup>a</sup> Patricia María Vázquez Figueroa

### **Grupo municipal SON de Bergondo-Anova**

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)  
D. Eloy Babío Veiga

### **Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo  
D.<sup>a</sup> Alicia María Souto Ramos

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP)**

D. José Angel Vieiro Amor  
D. Yago Lage Caramelo (*incorpórase logo da súa toma de posesión*)

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> Antonia María Sanjurjo Seijas

Foron asistidos pola secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos.

### **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE AO PLENO ORDINARIO DO DÍA 25 DE MAIO DE 2017.
2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE D. YAGO LAGE CAMELO.
3. DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 600/2017, EN RELACIÓN CUNHA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURA DA ESCOLA INFANTIL.
4. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI, 28 DE XUÑO DE 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN CO TRANSPORTO METROPOLITANA DA ÁREA DA CORUÑA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

6. MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE VECIÑOS DE BERGONDO E PARTIDO POPULAR, PARA A SUSPENSIÓN DA APLICACIÓN DA ORDENANZA RELATIVA AO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

8. ASUNTOS URXENTES.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

## **1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE AO PLENO ORDINARIO DO DÍA 25 DE MAIO DE 2017.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de maio, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión ordinaria do día vinte e cinco (25) de maio de 2017, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbase a referida acta.

## **2. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE D. YAGO LAGE CAMELO**

A sra. alcaldesa da a palabra á sra. secretaria do concello, quen manifesta que con data 9 de xuño, e número de Rexistro de Entrada número 4128, recibíuse no concello procedente da Xunta Electoral Central a credencial expresiva de que foi designado concelleiro do Concello de Bergondo, don Yago Lage Carmelo, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 24 de maio de 2015, en substitución por renuncia de dona Noelia Fernández Ventureira, da cal tomouse xa coñecemento por acordo plenario en sesión ordinaria celebrada o 25 de maio pasado.

Informa a secretaria que foron presentadas o 14.06.2017 polo concelleiro electo as declaracións ás que fai referencia o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación cos artigos 30.1 e 31.1 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, inscritas nos Libros de Rexistros corerpondentes; atopándose presente nesta sesión o sr. Lage Carmelo, a continuación, no cumprimento do previsto polo artigo 108.8 da Lei Orgánica do réxime electoral xeral, e para adquirir a plena condición do seu cargo, presta xuramento do seu cargo de concelleiro na forma indicada polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril, integrándose na Corporación Municipal.

### **3. DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 600/2017, EN RELACIÓN CUNHA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURA DA ESCOLA INFANTIL.**

A continuación dáse conta aos asistentes do Decreto indicado na Orde do Día, que transcrito literalmente di:

"Vista a Orde do 23 de maio de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2017 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). (DOG núm 105 do luns 5 de xuño de 2017); No uso das atribucións legalmente conferidas, e en cumprimento do regulado na devandita orde, pola presente **RESOLVO:**

**ÚNICO.**-Dar conta ó Pleno da corporación local da solicitude da referida axuda para o gasto que se sinala a continuación:

O gasto de mellora en infraestrutura consistente en confección e instalación de toldos de fachada con estrutura de aluminio lacado, con apertura automática mediante motores accionados con mando a distancia, segundo orzamentos solicitados, ascende a 7.391,65 euros, dos cales o Concello ten previsto achegar 1.478,33 euros (20%) con cargo á aplicación orzamentaria 323/622.00, existindo crédito por vinculación xurídica, por este importe e para esta finalidade.

A contía total de investimento é de 7.391,65 € dos cales se solicitan á Consellería de Política Social 5.913,32 euros, ascendendo os recursos propios a aportar 1.478,33 euros."

O pleno queda enterado.

### **4. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI, 28 DE XUÑO DE 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da Declaración institucional, informada favorablemente, por unanimidade, na Comisión informativa de Asuntos do Pleno do día 22 de xuño, que transcrita literalmente di:

"Desde que en 1969 se produciran os disturbios de Stonewall en Nova York (Estados Unidos) a comunidade mundial celebra, cada 28 de xuño, unha xornada de reflexión co obxectivo de visibilizar valores universais tales como a igualdade, o respecto, a diversidade, a liberdade e a non discriminación.

A pesar do progresivo recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI no sistema de protección de dereitos das Nacións Unidas nos últimos trinta anos e particularmente, en Europa, non é menos certo que, hoxe en día, a diversidade sexual segue sendo vítima dunha brutal intolerancia e discriminación sufrida, en diferentes formas e manifestacións, por lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuales.

A día de hoxe, os Gobernos locais españois estamos á vangarda no recoñecemento legal dos dereitos do colectivo LGTBI pero lamentamos que o recoñecemento destes dereitos non se produciu a nivel lltiversal, nin de maneira plena.

É necesario avanzar cara ao recoñecemento e protección universal da diversidade sexual, desenvolvendo políticas públicas e implementando servizos que aseguren a igualdade efectiva de todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual e identidade de xénero, como elemento esencial para a convivencia, o progreso e o desenvolvemento social e económico sustentable.

E, precisamente, é nese contexto de igualdade efectiva onde os Gobernos Locais, porta de entrada directa e real do sentir da cidadanía, estamos chamados a xogar un papel crave para garantir a convivencia cidadá e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuales.

Concellos, Deputacións, Consells e Cabidos Insulares reclamamos o noso papel como axentes esenciais no deseño e o desenvolvemento de políticas transversais e estratéxicas que garantan a igualdade de trato e a non discriminación.

Por todo iso, os Gobernos Locais reunidos na FEMP:

Convidamos a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade.

Recoñecemos a necesidade de investir en políticas en favor da diversidade sexual e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación e sensibilización que fagan das nosas cidades e pobos espazos seguros para a diversidade sexual.

Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, co principio de igualdade efectiva entre as persoas, do que forma parte a diversidade sexual, así como da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero, recoñecendo os avances neste marco, á vez que reiteramos a nosa firme determinación de avanzar na superación das barreiras que aínda perviven hoxe en día.

Manifestamos a nosa preocupación e condena ante o aumento de número de agresións cara a persoas LGTBI no noso país e traballaremos desde o noso ámbito para responder adecuadamente a esta situación, especialmente mediante a información e formación da Policía Local.

Non son posibles as políticas de igualdade sen os Concellos. Por ese motivo, reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a implementación adecuada de todas as políticas e iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas en todos os nosos pobos e cidades.

Bergondo, 22 de xuño de 2017.

Grupo municipal do PSdG-PSOE: Francisco Javier Santos Maseda; Grupo municipal de Veciños de Bergondo: Francisco Manuel Fafián Torreiro; Grupo municipal do Partido Popular : José Angel Vieiro Amor; Grupo municipal de SON de Bergondo-Anova: Juan Antonio Fariña Pedreira; Concelleira non adscrita: Antonia M.<sup>a</sup> Sanjurjo Seijas."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: pouco mais que engadir, é unha Declaración da Federación Española de Municipios, acordada tamén polos seus órganos na Xunta de Goberno, e polo tanto, e tal e como falamos na Comisión informativa, será asinada polos portavoces.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: nada que engadir ao que xa se comentou; como tal Declaración institucional apóioa plenamente.

Sr. voceiro do PP: nós sumámonos tamén.

Sr. voceiro de VB: era hora que neste concello tamén se debatiera, e todos estiveramos de acordo deste tipo de.....

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: simplemente dicir que a tendencia natural da liberdade é abrirse paso, e que así sexa e que ninguén impida a liberdade.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

## **5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL, EN RELACIÓN CO TRANSPORTE METROPOLITANA DA ÁREA DA CORUÑA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP, e ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de xuño de 2017, que transcrita literalmente di:

"O Grupo Municipal Popular, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano da Área da Coruña, co seu sistema de integración tarifaria, a bonificación dos billetes e a gratuidade dos transbordos, supuxo un salto cualitativo que mellorou substancialmente as relacións de mobilidade entre os 17 municipios integrados no programa, con incuestionables beneficios para os veciños de Bergondo.

O continuo seguimento revela que existe un potencial de incremento do atractivo do servizo de transporte público colectivo, que pasa pola mellora da accesibilidade dos autobuses ao centro urbano da Coruña e pola conectividade das redes de transporte urbana e metropolitana.

Para aproveitar ese potencial, e co obxectivo último de fomentar o transporte público por estrada nesta área e a redución do número de vehículos particulares que circulan polas nosas rúas, cómpre que as administracións cooperen e busquen fórmulas axeitadas para facilitar os desprazamentos cos veciños.

O Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, que abre a posibilidade de que 43 liñas interurbanas realicen paradas nos lugares de máis interese para os veciños da área (Praza de Ourense, Entrexardíns, Praza de Pontevedra, Linares Rivas, Alfonso Molina e A Palloza), representa unha oportunidade que reforza o atractivo do transporte público con viaxes máis curtas e menos transbordos.

Deste xeito, esta iniciativa suón mellorar a mobilidade no contorno metropolitano e contribuír a desconxestionar o tráfico e reducir a contaminación ao preverse un incremento mínimo do 10% nos usuarios do transporte público nas liñas que accederán ao centro da cidade.

O deseño deste plan responde á premisa de evitar unha incidencia negativa na fluidez de tráfico, para o cal se realizou un meticuloso estudo baseado en microsimulacións nos distintos nodos de maior intensidade de vehículos da cidade. Co fin de

reforzar as garantías nese sentido, no marco da Comisión de Seguimento do Plan de Transporte Metropolitano da Área da Coruña, o pasado 19 de abril, acordouse unha posta en marcha gradual, ademais de realizar un seguimento permanente do seu funcionamento.

Sen embargo, a posta en marcha do Plan só será posible cando o Concello da Coruña emita as licenzas municipais necesarias para acometer as obras de adecuación das paradas.

O Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña foi obxecto dun amplo proceso de participación, sometido a numerosos debates colectivos e xuntanzas de traballo bilaterais da Xunta de Galicia e o Concello da Coruña. Realizouse unha xornada informativa (7 de xullo de 2016) para todos os municipios e axentes sociais e profesionais implicados, foi sometido dúas veces a información pública (en xullo de 2016 e xaneiro de 2017) e foi debatido catro veces na comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano (en abril 2016, en novembro de 2016, en xaneiro 2017 e finalmente o 19 de abril).

Nesa última reunión da comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano da Área da Coruña abordouse a configuración final do plan, explicáronse as alegacións e a súa resposta xustificada por parte da Xunta de Galicia, sen que ningún concello manifestase oposición á súa aprobación.

O PLAN DE ACCESIBILIDADE DO TRANSPORTE INTERURBANO AO CENTRO URBANO DA CORUÑA, é a vía máis axeitada para responder ao obxectivo das administracións públicas de incrementar o uso do transporte público, respondendo á demanda cidadá de facilitar que os autobuses interurbanos os acheguen máis aos viaxeiros ao seu destino final, eliminando transbordos e reducindo tempos de percorrido.

O principal beneficiado deste plan é o viaxeiro, e dende logo, o veciño de Bergondo, que verá diminuído o tempo total da súa viaxe e polo tanto, aumentará a súa comodidade. Máis de 2 millóns de viaxeiros anuais que entran á cidade e outros tantos de saída veranse beneficiados polo Plan.

SOLICÍTASE:

**Dirixirse ao Concello da Coruña** para que permita a posta en marcha gradual, canto antes, do Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña e, nomeadamente, que:

- Emita a autorización das licenzas municipais necesarias para acometer as obras de adecuación das paradas responsabilidade da Xunta de Galicia.

- Contrate e execute á maior brevidade as obras correspondentes ao Concello da Coruña.

**Dirixirse á Xunta de Galicia** para que poña en marcha á maior brevidade o Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro da Coruña e, nomeadamente, que:

- Contrate e execute as obras da súa competencia en canto conten coa licenza municipal.

- Inicie a posta en marcha gradual do plan en canto sexa posible.

Bergondo a 20 de maio de 2017.

Continúa o Sr. voceiro: resumindo, esta segunda moción de transporte que traemos o grupo municipal do Partido Popular de Bergondo, a primeira hai tres meses mais ou menos, esta é a segunda, naquela primeira díxérasenos por parte da señor alcaldesa, que non procedía aprobala porque non era momento para a súa votación.

Esta segunda, despois da Comisión informativa que se celebrou a semana pasada, vostede di que non é momento, pois nós cremos que o momento é, porque o tema está aí, segue enquistado e de momento non hai solución.

Entón, este Plan esta deseñado para dezasete concellos, se mal non recordamos, que todos se adheriron ao tema, dos cales todos os alcaldes estaban de acordo neste pleno, entón cremos que para Bergondo é moi importante ter un transporte con servizo de autobuses, billete económico, e un viaxe que se poida realizar comodamente ao centro da Coruña; para os veciños de Bergondo sería moi importante.

Entón que lle pedimos?, pedímoslle á señora alcaldesa que se na reunión que teñen proximamente co señor Ferreiro, ou levanta o teléfono algún día para falar con el, que lle diga que a xente do común de Bergondo que quere o transporte metropolitano, e digo do común porque outros ultimamente van en Mercedes e ultimamente en Audis, si... o señor Ferreiro..., xa sabe porque llo digo.

Despois tamén había outro tema, que nos dicía o señor Fariña na Comisión do outro día, que alguén xogaba ao gato e ao ratón, entón señor Fariña, na última reunión que houbo de prensa, é dicir, que celebrou a conselleira co señor Ferreiro, o día catorce deste mes que estamos, na cal se chegou a un entendemento que di, Local e Xunta acordarán un calendario para o bus metropolitano; é dicir, que saíron mais ou menos cun acordo, iso o día catorce, pero o día quince, o señor Ferreiro xa non respondeu igual, xa que se dixo que oel ayuntamiento coruñés xunto con ayuntamientos limítrofes, como son Oleiros, Culleredo, forman un conxunto distinto do de Carballo ou Laracha.

É dicir, que o que habían acordado o día anterior coa conselleira, o día seguinte xa non foi así, entón bueno, xogar ao gato e ao ratón, alguén xoga, pero aquí se ve.

Sra. alcaldesa: nós podemos estar de acordo, como temos falado moitas veces no Plan de Transporte na necesidade, e iso é algo obvio, na mellora de transporte público en toda a Área e no que nos concerne a nós en Bergondo.

Obviamente non estamos tampouco en contra no Plan de Accesibilidade non hai oposición ningunha ao Plan de Accesibilidade senón todo o contrario, na Comisión da que forma parte o Concello de Bergondo no Plan de Transporte Metropolitano ao que vostede se refire, deses dezasete concellos, así se manifestou efectivamente sen ningunha dúbida por ninguén, nin sequera polo representante do Concello da Coruña.

Pero simplemente tamén por matizar, eu co señor Xulio Ferreiro non falo nin todos os días, nin levanto o teléfono, e non teño nin idea do coche no que anda, porque ademais lle recordo que nin sequera é compañeiro de Grupo político, co cal....., incluso do mesmo Partido político non sei o coche que teñen, co cal nese caso nin iso.

Nós si que entendemos a diferenza dun xeito, cando estamos falando de transporte metropolitano é cando estamos falando do que Xunta denomina o Plan de Transporte Metropolitano, e eu lles comentei o outro día, que no seu día o Transporte Metropolitano naceu porque nove concellos se adheriron e firmaron o primeiro bloque, e iso foi o primeiro Plan de Transporte Metropolitano, ao que se foron adherindo despois paulatinamente diferentes concellos mai afastados, eses concellos fóronse adherindo pois porque eles querían, porque os demais tamén aceptabamos, porque ademais eran propostas que se levaban á Comisión de seguimento que está establecida, onde hai unha solicitude de tal concello, apróbase..., non se aproba..., e efectivamente nunca houbo ningún problema porque en todo caso eran sempre vantaxes para os usuarios deses concellos, as tarxetas, os descontos que puidera haber, etcétera.

Pero aínda así, nós entendemos que é moi diferente o transporte metropolitano falando da futura Área Metropolitana, que cremos que por fin pode ir avanzando, e xa hai acordos de Plenos onde non había, e que aí se pode ir avanzando porque non son o mesmo as necesidades, nin as de Arteixo nin as de Culleredo e Oleiros, que están pegadas á Coruña e é unha cuestión radicalmente diferente á que poidan ter en Laracha ou a que poidan ter Curtis, ou a que poidan ter en Carballo. E tamén son distintas as nosas necesidades, as necesidades do Concello de Bergondo, dos habitantes que viven aquí.

Nós o que queremos agora é que estamos nunha opción, nun momento importantísimo, remata a concesión dos buses na Coruña, rematan as concesión do transporte metropolitano e demais, é un momento de sentarse e facer unha novas rutas, iso é realmente o que se lle está pedindo á Xunta de Galicia por parte dos nove concellos, que se sente a falar dese novo Plan, de como empezar a facer, cales son realmente as nosas necesidades, é o que se pide, é dicir, nós obviamente temos unhas necesidades distintas que eu creo que sería o momento idóneo de poñer enriba da mesa se se fai un novo mapa, pero é que se o mapa nolo dan posto, e nolo dan feito entón tampouco temos esa posibilidade de participar, e ata o de agora tampouco nós reunimos nin nada porque non se veu esa opción, o sexa que no momento en qué se dea esa é unha cuestión que obviamente sobrepasa a capacidade, ou incluso as posibilidades de coñecemento que poida ter esta alcaldesa ou o grupo de goberno, sería unha cuestión a debater mais amplamente.

Polo tanto, eu lles dicía o outro día, que a propósito nós tampouco trouxemos unha moción, e si estivemos de acordo e si saímos na foto, onde se lle esixía ao señor presidente da Xunta que fixera incluso unha reprobación da actitude da conselleira de Infraestruturas, pero non traemos tampouco esa moción que si se debateu no Concello da Coruña, porque? porque sabemos que posteriormente a isto tamén houbo reunións, e que polo tanto si se sentaron a falar. Por iso eu lle dicía, a ver, non traemos tampouco ese tipo de mocións que cremos que non é o momento de traelas, porque xa pasou, entón tampouco cremos que sexa agora esta, cremos en qué por fin o que queremos é que se reúnan, que se reúnan co tema do Plan de Accesibilidade, si, pero é que non vale que a Xunta diga que si, porque despois o Concello da Coruña..., o Concello da Coruña non está en contra, polo menos así nolo manifesta a nós, non está en contra de que os buses entren en entrexardíns, o que si teñen que ter a cautela suficiente de que aquilo non supoña un bloqueo de buses en canto ao tráfico na Coruña, iso é obvio, iso tamén nos pasaría a nós.

Entón, que desbloquean o Plan de Accesibilidade e que fagan todo iso, pois si que o fagan, pero eu tamén entendo que non se poden desbloquear as cuestións por un lado sen que se desbloqueen polo outro, e nós o que queremos realmente é empezar a deseñar o novo transporte metropolitano que a nós nos vai influír tamén, non soamente a chegada a entrexardíns, que é un tema importante, pero non é o mais importante quizá, o será para algún veciño que poida chegar un pouco mais alá da Estación de Autobuses, pero para outros veciños, e aquí o temos falado moitas veces, o teñen falado vostedes, o ten falado o grupo de Veciños de Bergondo, o ten falado a concelleira non adscrita, o temos falado todos os grupos, é mais importante que poidan chegar aquí ao médico os veciños, ou que poidan ter unhas redes de comunicación internas importantes, e cremos que agora é o momento, porque senón imos volver ter outro plan onde Coruña vai ir por un lado, o transporte metropolitano exterior vai ir polo outro, e imos estar outros vintecinco anos cun retraso que non tería porque ser. Xa digo, é o momento óptimo pois que nos citen, que nos citen uns e outros.

Sr. voceiro do PP: o que é chocante que se dezasete concellos están de acordo, se había, como vostede ben di, un mapa de liñas que xa entraba na cidade..., non estaba feito iso xa?

Sra. alcaldesa: si, algunha proposta de liñas, incluso entrando por diferentes corredores.

Sr. voceiro: pois parece chocante que o señor alcalde tiña iso...

Sra. alcaldesa: e ao mesmo tempo a Xunta non quere ceder, ou non quería, porque eu creo que neste mes si se desbloqueou este tema, por iso non me parece oportuno rizar mais o rizo con este tema. Esa é a nosa postura.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu o que digo é que esta moción hoxe está fóra de lugar e fóra de tempo, porque non sei se acabou a reunión, pero esta tarde a conselleira estaba sentada precisamente para desbloquear unha folga indefinida, que é probable que se non se chega a ese tipo de acordos no teñamos autobuses nin para chegar á Estación de Autobuses, nin para chegar ao centro.

Eu xa lle dixen en infinidade de ocasións que non estou de acordo coa chegada de autobuses ao centro, por outro lado, e o que si me interesa moito é o que o dicía a señora alcaldesa hai un momento, que se senten, que se faga un Plan de transportes adecuado, porque cánsome de dicir que polo menos os veciños de Fiobre e de toda esta estrada ata Guísamo, se queremos ir a Coruña temos autobús cada dúas horas pola semana, cada catro o fin de semana e verano e a verdade que nos dá exactamente igual o que nos deixen na Estación de Autobuses e logo coller un bus urbano, o que queremos é ter mais autobuses para poder chegar a Coruña, que é o que realmente nos preocupa, preocúpanos chegar a Coruña, non ao centro.

Sr. voceiro de VB: pois eu creo que tan importante é ter unha accesibilidade correcta no noso municipio, con paradas de autobuses o mais acorde posible coa regularidade que debería ter. Tamén é moi importante o que plantexa a Xunta, que é transbordos gratuítos, incluso bonificacións por zonas, entón non estamos falando de que isto é coller e botar buses na Coruña, eu penso que tan importante é poder chegar a un sitio como poder chegar a un sitio ben; os nosos maiores xa saben como va, que queren ir á Coruña e non poden porque teñen que coller trinta mil autobuses e aínda por riba pagar, pois eu penso o que di a señora alcaldesa, este é o momento de falar, pero si todos non tiramos na



mesma dirección mal imos.

Polo tanto, non creo que sexa unha moción fóra de tempo senón que creo que precisamente hoxe que están sentados e cando entra en tempo, para facer mais presión todos, debemos velar polos nosos intereses, os de Bergondo, é moi importante que a xente de Bergondo, os que traballamos na Coruña, tamén podamos ter unha accesibilidade ao centro da Coruña para evitar esa continua aglomeración de vehículos particulares nas entradas da Coruña, que poidamos ter un transporte adecuado ás nosas necesidades, pero se non nos poñemos todos a traballar e poñemos todos pedras no camiño, porque está en xogo a Área Metropolitana, temos un problema. Polo tanto eu creo que si é o momento agora mesmo, porque están sentados a falar de empuxar un pouco mais; polo tanto nós imos votar a favor.

Sra. alcaldesa: solo por unha cuestión de matiz, a aprobación ou non do Plan de Accesibilidade non ten que ver tampouco nin cos transbordos gratuítos nin nada polo estilo, é dicir, iso xa está funcionando e segue funcionando mentres non se cambie o Plan de Accesibilidade, é un Plan dentro doutro Plan e é realmente o Plan da entrada na Coruña, é do que se trata esta moción, non estamos falando do Plan de Transporte, estamos falando simplemente do Plan de Accesibilidade, que forma parte do outro Plan, soamente esa matización.

Sr. voceiro: pero forma parte un do outro.

Sra. alcaldesa: non, o Plan de Transporte non forma parte do Plan de Accesibilidade, digamos que é o *pez grande se come al pez chico*...

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: por contestar a un par de cuestións e alusións. En primeiro lugar, respecto ao medio de transporte que use ou deixe de usar o alcalde da Coruña, pois francamente non sei..., podo saber mais ou menos o mesmo que vostede, o que se di na prensa ou o que se deixa de dicir; en todo caso non é mais en moitas ocasións un uso demagóxico das cousas. O alcalde da Coruña, dígoo aquí e dígoo onde sexa, ten que ter un coche oficial para desprazarse, igual que o tiña o anterior alcalde da Coruña, igual que o terá que ter o próximo alcalde da Coruña, todo o demais é demagoxia; por certo creo que o Audi era o do señor Negreira, xa o usaba o señor Negreira, pero isto non o digo como crítica cara o señor Negreira.

Segundo lugar, non sei exactamente..., non lembro que usara esa expresión que vostede di, o gato e o rato e tal..., pero si é certo que falei de que este tema das mocións cruzadas vai un pouco na liña de darse patadas por debaixo da mesa, e ao mesmo tempo esta, claramente para min, é unha forma de meterlle os dedos nos ollos ao señor alcalde da Coruña, o señor Ferreiro.

Entón, podemos contribuír a ese xogo dende Bergondo, a que, neste caso, sexa o Partido Popular o que lle da unha patadiña ao señor Ferreiro, ou podíamos contribuír, o que dicía a alcaldesa, que outro día sexa o grupo socialista ou outro grupo calquera, que traíamos outra para atacar á outra parte, á Xunta, a conselleira..., e iso non é facer forza nin é axudar en nada, o único que podemos agardar e que desde o noso grupo desexamos, é que efectivamente se senten, acorden e solucionen, o demais pois me temo que non vai contribuír en nada a ese obxectivo final.

O noso voto é desfavorable porque non vemos utilidade a esta moción, mais que contribuír a ese xogo político no mal sentido da palabra.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto en contra. **Total (8) votos en contra e cinco (5) a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitado por maioría de votos en contra** o ditame.

## **6. MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE VECIÑOS DE BERGONDO E PARTIDO POPULAR, PARA A SUSPENSIÓN DA APLICACIÓN DA ORDENANZA RELATIVA AO IMPOSTO**

## **SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais do PP e VB, e ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de xuño de 2017, a señora concelleira de Veciños de Bergondo, M.<sup>a</sup> del Loreto Caseiras Arroyo, da lectura á citada moción, que transcrita literalmente di:

"D. Francisco Manuel Fafián Torreiro, Portavoz del Grupo Municipal Veciños de Bergondo, y D. Yago Lage Portavoz del Grupo Municipal PP, en nombre y representación de sus Grupos presentan la siguiente Moción con la Propuesta relativa a la suspensión de la aplicación del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana.

Exposición de motivos: En el Pleno del mes de Julio de 2015 este grupo municipal propuso al Pleno la propuesta de eliminación del Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana.

El resultado tras el debate surgido fue de 7 votos en contra (PSOE y ANOVA) y 6 votos a favor (VECIÑOS y PARTIDO POPULAR).

Entonces se admitió al menos que había una necesidad de revisar la Ordenanza que data del año 2005, lo que se llevó a cabo en el Pleno del 24 de Septiembre de 2015 con una mínima reducción en el tipo, bonificación adaptada a la Ley en casos de Herencias y reducción para el caso de revisiones catastrales.

Hace apenas un mes nos encontramos con que el Tribunal Constitucional se ha pronunciado en el sentido que apuntaban juristas y Tribunales, y el pasado día 11 de Mayo dictó Sentencia anulando parcialmente el pago del impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana en las ventas de viviendas y fincas con pérdidas, por lo que el propietario que venda por menos dinero de lo que pagó al adquirirlo no tendrá que abonar este Tributo.

El Alto Tribunal considera que el impuesto sobre las plusvalías municipales vulnera el principio de constitucionalidad de capacidad económica en la medida en que no se vincula necesariamente la existencia de un incremento real del valor del bien, "sino a la mera titularidad del terreno durante un período de tiempo" computable entre un año como mínimo y 20 años como máximo.

Por ello, según la Sentencia de 11 de Mayo, actualmente el solo hecho de haber sido titular de un terreno de naturaleza urbana durante un determinado período temporal implica necesariamente el pago del impuesto, incluso cuando no se ha producido un incremento del valor del bien o, más allá, cuando se ha producido un decremento del mismo.

Esta circunstancia impide al ciudadano cumplir con su obligación de contribuir "de acuerdo con su capacidad económica" puesto que basta con ser titular de un terreno de naturaleza urbana para que se vincule a esta circunstancia, "como consecuencia inseparable e irrefutable", un incremento de valor sometido a tributación.

Esto se cuantifica de forma automática mediante la aplicación al valor que tenga ese terreno a efectos del impuesto sobre bienes inmuebles al momento de la transmisión, de un porcentaje fijo por cada año de tenencia, con independencia no sólo de la cantidad real del mismo, sino de la propia existencia de ese incremento.

El Alto Tribunal declara la inconstitucionalidad y la nulidad de la ley "solo en la medida en la que non han previsto excluir del tributo las situaciones inexpressivas de capacidad económica por inexistencia de incremento de valor".

Desde la publicación de esta sentencia corresponde al legislador llevar a cabo las modificaciones o adaptaciones pertinentes en el régimen legal del impuesto que permitan arbitrar el modo de "no someter a la tributación las situaciones de inexistencia de incremento de valor de los terrenos de naturaleza urbana".

El Tribunal Constitucional avala lo que establecieron las Sentencias referidas a este mismo gravamen en Guipúzcoa y Álava, en las que el tribunal llegó a la conclusión de que el establecimiento por el legislador de impuestos que graven el incremento del valor de los terrenos con plusvalías es "constitucionalmente admisible siempre y cuando respeten el principio de capacidad económica" y señala que para salvaguardar dicho principio, el impuesto "no puede en ningún caso gravar actos o hechos que no sean exponentes de una riqueza real o potencial".

Las operaciones afectadas son tanto compraventa como donaciones, permutas y herencias, que también están gravadas con el pago de este impuesto.

La plusvalía municipal grava el incremento del valor del terreno generado en el momento de la transmisión de un inmueble, hasta un período máximo de tenencia de 20 años y para calcular el importe a liquidar por este impuesto se tiene en cuenta únicamente el valor catastral del suelo del inmueble en el momento de la venta y los años que haya estado en manos del propietario, una metodología que acaba mostrando que siempre existen plusvalías, independientemente de que el valor real del terreno no se hay incrementado.

Por todo ello, ante el hecho de que en nuestro Concello continúa vigente la Ordenanza fiscal modificada en Septiembre de 2015, que grava estas situaciones sin hacer distinción de los casos en que no se produce el incremento del valor, se está en el caso de proponer la suspensión de su aplicación en tanto en cuanto no se adecue al pronunciamiento judicial mediante la oportuna adaptación a la modificación o revisión de la Ley de Haciendas Locales y demás legislación concordante, con el objeto de evitar perjuicios económicos a los vecinos que siguen devengando el impuesto y por ello obligados a desembolsar su importe y al propio Concello para evitar que se hayan de reintegrar ingresos por este concepto en los casos afectados por las modificaciones que se llevan a cabo y que se han declarado exentos desde el pronunciamiento de inconstitucionalidad.

Lo que se propone al Pleno para su debate y aprobación.

En Bergondo a 22 de Junio de 2017."

Continúa a Sra. concelleira: para apoiala, coméntolles que xa algúns concellos tomaron a iniciativa de suspender temporalmente incluso de devolver os importes da plusvalía municipal que se cobraron. Somos conscientes de que isto implica un detrimento nos ingresos municipais, e para as arcas dos concellos, pero dende logo maior detrimento supón para os veciños ter que facer un desembolso dun importe que en palabras do propio presidente da Federación galega de municipios, como é Don Abel Caballero, resulta inxusto; resulta inxusto que polo mero feito de que o valor catastral dunha finca, dun solar, se incremente, o cal é sempre así, é raro o caso en que unha revisión catastral rebaixe os prezos dos terreos, pois procede directamente, de maneira automática a liquidación deste imposto....., si foi don Abel Caballero...

Sra. alcaldesa: e que é o presidente da Federación Galega de municipios?...

Sra. concelleira: municipios e provincias....., non? da Fegamp....

Sra. alcaldesa: da Fegamp? a Abel Caballero non lle vai gustar nada que vostede lle rebaixara a categoría....

Sra. concelleira: e de todos, estatal...

Sra. alcaldesa: o presidente da Fegamp é Alfredo o alcalde do Barco de Valdeorras, e Abel Caballero é o presidente da Femp, da Federación Española de Municipios.

Sra. concelleira: non galega, senón española, perdón. Entón, o que lle ía dicindo, algúns concellos xa tomaron a dianteira e estou falándolle en concreto do caso de Pamplona, de Punta Umbría, onde se suspenderon; no concello de Dos Hermanas vaise proceder a un novo sistema de comprobación de valor que incluso vai requirir unha taxación

previa para poder aplicalo. En Málaga tamén se decidiu suspender o pago, e Vitoria nada menos que comezou a devolver aos veciños ata medio millón de euros nestes impostos que cobrou e agora o devolve de maneira voluntaria. O que propoñemos é o que di a moción, seguindo o fío destes concellos, suspendamos o cobro aos veciños deste imposto, sabemos que é necesaria unha reforma legal, que ten que acometer non o concello senón o Estado, que ten que reformar a Lei de facendas locais, pero non nos parece descabelado que deixemos de ingresar importes que mais adiante teñamos que devolver con intereses, con costas, incluso con procedementos xudiciais polo medio, o cal moitas veces lle comentamos, na medida en que se poida eliminar litixiosidade, vai ser bo para as arcas do concello. Se outros concello o fixeron, señora alcaldesa, pois o poderemos levar a cabo.

Dos trescentos catorce concellos que compoñen a nosa autonomía, galegos, cento quince cobran o imposto de plusvalía e cento noventa e nove non o cobran, iso supón un sesenta e tres por cento dos concellos galegos, é un imposto potestativo e polo tanto non obrigado pola lei, se desde o goberno municipal se decide suspendelo ou incluso non cobralo e eliminalo, está nas súas mans, non nos diga que non é competencia súa, porque outros concellos o están facendo, e senón será que cento noventa e nove concellos de Galicia está facendoo mal, e vostede estao facendo ben.

Sra. alcaldesa: mire señora concelleira, non intente enganar, non intente enganar aos veciños e non nos intente enganar a nós, aos concelleiros que formamos parte desta Corporación, porque o feito de que se cobre nuns concellos e noutros non será porque así o tiñan aprobado antes e non porque fora ou non ilegal ou o Tribunal Constitucional emitira unha sentenza sobre isto, senón porque nos seus Plenos así o aprobaron, nos seus plenos, non o alcalde; polo tanto a alcaldesa non ten tampouco a potestade de anular unha ordenanza, é o Pleno, simplemente tamén por unha cuestión de matiz porque me parece que ás veces vostede fala e fala de litixios e fala tamén de cuestións moi alegremente sen ter en conta a consecuencia das palabras que vostede di.

Estamos de acordo e así llo manifestei á súa compañeira na Comisión informativa, que isto necesita unha revisión total, e sobre todo en base ás sentenzas.

Tamén estará vostede de acordo en que a plusvalía se pode seguir cobrando onde se xeren plusvalías, e haberá moitos casos nos que si, e eu lle dixen que precisamente esa adecuación ou non é o que se está esperando, non por cinco concellos dos que vostede me acaba de dicir, que foron os que anularen en toda España, senón o resto dos concellos o que estamos precisamente esperando e o que levamos reclamando é solucións a este tema, e polo tanto vou ler o mesmo que lle lin o outro día á súa compañeira, proposta da Comisión da Fegamp, *resulta urxente unha revisión do seu deseño legal que determina plusvalías en todos os supostos cando, polo efecto da crise e a depreciación dos inmobles, estanse a xerar auténticas minusvalías. Polo tanto convirá definir a base impositiva atendendo ás efectivas plusvalías, particularmente as derivadas das actuacións urbanísticas, integrándoo co IRPF a través das deducións oportunas para evitar dobres imposicións*, esta é unha proposta na que está traballando a Fegamp, é dicir, traballando todos xuntos.

Acordo da Xunta de Goberno da Femp, onde si o presidente é Abel Caballero, do trinta de maio, *Instar al Gobierno de España a que promueva, a la mayor brevedad posible, una iniciativa legislativa de reforma del Impuesto sobre el Incremento del valor de los Terrenos, en aplicación de la Sentencia del Tribunal Constitucional contra la norma estatal...*, entre outros acordos, *Compensar a los Ayuntamientos que a la fecha de publicación de la Sentencia tengan aprobado el impuesto, por la pérdida de recaudación derivada de la aplicación de la Sentencia*, vostede facía algo de referencia, quen nos vai a compensar con iso, pois terá que ser o Estado, porque se temos menos ingresos se nós terá que compensar, moi ben, pois antes de facer nada veremos a aplicación e por onde nos di o Estado que debemos seguir, e por iso se está reclamando dende a Federación Española de Municipios, que realmente nos dea unha pauta, isto é de maio, entendo que aínda non houbo tempo e que había que aprobar os orzamentos, tamén é certo, eu non estou indo contra o Estado.... *Solicitar al Ministerio de Hacienda y Función Pública que publique una nota aclaratoria sobre el procedimiento de actuación que debe seguirse por los Ayuntamientos hasta que se apruebe la reforma del impuesto*, efectivamente, solicitar que se nos indique unha vez mais cal é o procedemento que debemos seguir, non se fala de suspender inmediatamente, non, que se nos diga como, e ao mellor resulta que temos que chegar a unha suspensión e xa non será a través dunha moción, será a través dunha proposta da Alcaldía unha vez que veña fundamentada cos informes de Secretaría e cos informes de Intervención, onde se diga que iso realmente é o oportuno, *Solicitar la creación de un grupo de trabajo conjunto Gobierno de España y Federación Española de*

*Municipios y Provincias para concretar tanto los términos de la reforma del impuesto como la compensación de la pérdida de recaudación.*

E iso foi o que o outro día lle comentei á súa compañeira na Comisión informativa, qué podemos chegar ao mesmo que di esta moción, pero que temos que esperar por alguén que nos diga cales son os pasos que debemos seguir nós e o resto dos concellos, porque sinceramente esta é unha cuestión que nos sobrepasa bastante, unha cuestión que non podemos tampouco tomar nós así á lixeira, temos que saber como se nos vai compensar, como non, cando se vai proceder a esas devolucións, en que termos, e demais; é dicir, é algo no que estamos traballando xuntos, independente incluso da cor política, esta é unha cuestión que nos afecta a todos os concellos, todos os concellos que teñamos aprobado o imposto, e aí estamos metidos tanto concellos gobernados polo Partido Popular, polo Partido Socialista, referíndonos a Galicia, BNG, Mareas, etcétera; é dicir que pode ser independentes.

Polo tanto é simplemente esa cuestión, nós non estamos en contra tampouco de que non teñamos que suspendela, porque probablemente ao mellor hai que suspendela, mais ben haberá que derogala, cambiala, porque efectivamente cando se producen esas plusvalías se poderá seguir optando por ese cobro do imposto, ou simplemente decidiremos que non, que en Bergondo non se vai a volver a aplicar, pero no seu día este Pleno aprobou a aplicación dese imposto. E polo tanto, unha vez mais, era unha moción que agora mesmo entendiamos que non viña ao caso, con toda a explicación que lle teño dado moi recente, porque estamos falando de cuestións que se están debatendo nestes dous últimos meses.

Sra. concelleira: comezou vostede contestando que eu non intente enganar, nin á xente nin aos concelleiros....

Sra. alcaldesa: si...

Sra. concelleira: en que lle intento enganar eu?

Sra. alcaldesa: si, si, pois mire, remate señora concelleira.

Sra. concelleira: a ver, que é unha ordenanza que está aprobada polo Pleno, por suposto que está aprobada polo Pleno, que é o Pleno quen....

Sra. alcaldesa: se vostedes non estaban no seu día no Pleno, ao mellor tampouco o aprobaron, a verdade é que non o lembro, ao mellor incluso votaron vostedes a favor desta proposta.

Sra. concelleira: en que momento dixen eu algo que non fose certo? dígame vostede, é que me parece moi á lixeira pola súa parte se di que eu falo alegremente, vostede di que eu intento enganar, dígame en que intento enganar.

Sra. alcaldesa: precisamente con iso

Sra. concelleira: en qué?

Sra. alcaldesa: acaba vostede de dicir que era potestade da alcaldesa facer a derogación desta ordenanza.....

Sra. concelleira: pois vou corrixir, igual que dixen antes que don Abel Caballero era o presidente da Federación galega, ben da Federación española, pois cando me refiro á señora alcaldesa, a ver...., se me permite...., no fondo é un halago estoulle atribuíndo a vostede a decisión...

Sra. alcaldesa: non, non, ...por Deus...

Sra. concelleira: senón final, dende logo a mais importante, porque evidentemente non creo que deste pleno salga adiante algo que vostede non aprobe; é dicir, evidentemente é facultade do Pleno de decidir se se suspende ou se derroga, paréceme, que non foi nada que encima se poida tildar de engano. Neste caso dous Partidos da oposición propoñen ao Pleno, non á señora alcaldesa, propoñen ao Pleno unha modificación, non vexo aí ningún engano a ninguén, estamos dándolle datos, dígolle sesenta e tres por cento dos concellos de Galicia non cobran este imposto.

Sra. alcaldesa: porque non o tiñan..

Sra. concelleira: evidentemente, pero é que Bergondo decidiu cobralo, pois agora que ademais temos, non dúbidas, temos certeza de inconstitucionalidade, non o cobremos mais, se están devolvendo cartos...

Sra. alcaldesa: pero señora concelleira, é vostede mais lista, sinceramente, que os técnicos que traballan na Federación Española de Municipios....

Sra. concelleira: en absoluto, pero precisamente ese acordo tamén recolle o que estamos dicindo nós...

Sra. alcaldesa: é que precisamente vostede deu antes no cravo, hai que reformar a Lei de facendas locais....

Sra. concelleira: e que esperamos, tres anos...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, vostede está de acordo en que tampouco pode haber unha diminución de impostos así como así, e de ingresos neste concello, ou non está de acordo en que haxa diminución de impostos?

Sra. concelleira: mire, é que eu ao Tribunal Constitucional adóitolle facer caso, sabe?

Sra. alcaldesa: está vostede de acordo en que o Concello de Bergondo teña menos ingresos?

Sra. concelleira: na medida en que un veciño pague o que é inxusto, si, si; cando un veciño está pagando....

Sra. alcaldesa: cando un veciño estea pagando o que inxusto, si, eu a iso non lle digo que non, pero haberá moitos veciños, ou algún veciños, que realmente si xeren plusvalías, polo tanto...., mire señora concelleira, rematamos.

Sra. concelleira: é que se pode facer, o concello de Dos Hermanas ...

Sra. alcaldesa: non, non se poder facer mentres non teñamos unha indicación, eu lle acabo de ler todo o comentario.

Sra. concelleira: é a súa posición, pero pódese facer....

Sra. alcaldesa: vostede mais aló, porque xa sabemos que as súas teorías son sempre moito mais acertadas.

Sra. concelleira: Vitoria foi mais aló, está devolvendo os cartos.

Sra. alcaldesa: pois xa veremos despois de onde quita..., nós esperamos que sexa o Ministerio quen nos diga como actuar, e como nos vai compensar a todos os veciños, precisamente por ter que devolver eses ingresos, porque ao final os ingresos que se teñan que devolver son do recadado de todos, e do que se fai para todos.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: a ver, no propio texto da moción din vostedes que dende a publicación desta sentenza corresponde ao lexislador levar a cabo as modificacións o adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permita arbitrar o modo de..., co cal eu parto de que na Comisión vimos que a Federación de Municipios a maio está estudando este tema, creo que non vai resolver nada o que decidamos en Bergondo, e a min paréceme tamén que modificar a ordenanza de maneira totalmente alegre paréceme unha locura. E o que si entendo eu é que a nosa ordenanza quedará derogada, ou quedará sen efecto en canto unha lei superior a invalide, esperémonos a que os técnicos da Federación de Municipios o estuden e nos digan de que maneira proceder.

Sr. concelleiro do PP, Yago Lage Caramelo: nós subscribimos as palabras da concelleira de Veciños de Bergondo, e tamén queremos incidir no que dixo o Tribunal Constitucional, porque declarou que os artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, son inconstitucionais e nulos, entón cremos que si pode ocasionar un prexuízo aos veciños e que como froito dese prexuízo estanse danando os intereses dos nosos veciños. A sentenza do Tribunal Constitucional di que o cálculo que se realiza para a tributación da plusvalía se executa independentemente do incremento o decremento dos terreos, o que ocasiona un grave dano aos contribuíntes, dito cálculo realizase de forma automática, aplicando o valor que teña ese terreo tomando como referencia o Imposto sobre Bens Inmóbeles no momento da transmisión, dunha porcentaxe fixa por cada ano de tenencia, con independencia non so do valor real do mesmo, senón da propia existencia dese incremento, este cálculo impón aos obxectos pasivos do imposto a obriga de soportar a mesma carga tributaria que aqueles nos que se dan situacións de incrementos derivados do paso do tempo, se somete a tributación situacións de feito inexpressivas de capacidade económica, o que contradí frontalmente o principio de capacidade económica que garante o artigo 31.1 da Constitución Española.

Solicitamos a derogación de dita ordenanza ao amparo do que di o Tribunal Constitucional, xa que o cómputo utilizado para calcular dito importe non ten en conta o valor real do terreo ou a inexistencia deste incremento.

Sra. alcaldesa: o señor voceiro do Partido Popular acaba de facer tamén un resumo do que efectivamente di a sentenza, e nós non estamos..., non entro en que esteamos a favor ou en contra, a sentenza así o di claramente, se hai unha perda non pode haber unha imposición do imposto, pero iso non é tampouco o que eu dixen, nin que non estiveramos de acordo nin moito menos, eu si indiquei que ás veces se dan plusvalías e que esas plusvalías aínda se poden seguir cobrando, non estamos falando desas minusvalías polo tanto, e iso si que se pode seguir producindo.

E reitero que é unha cuestión que nos sobrepasa a nós e que probablemente teñamos que facelo, e de feito non sei de moitos concellos gobernados polo Partido Popular onde xa se tomara tan alegremente esta cuestión, como derrogar un

impuesto, porque está supoñendo un ingreso ás arcas municipais, por iso é algo que o ámbito é moito maior, é unha cuestión de ámbito maior onde probablemente non discuto que cheguemos a esa derogación, ou mais que unha derogación a un cambio do propio imposto, pero que necesitamos de pautas e de guións para ademais de ir conxuntamente, e no que me reitero.

Sr. concelleiro do PP: no concello de As Pontes, que goberna o Partido Socialista, o presidente da Deputación, xa o solicitaron no mes de marzo, se non me equivoco.

Sra. alcaldesa: ben, e eu lle acabo de dicir que hai gobernos do Partido Popular que non o tocaron aínda, sinceramente, acabaremos ao mellor facéndoo, non lle digo que non, eu iso tampouco non o discuto, eu lle digo o que se di dende a Federación de Municipios, da Federación Galega de Municipios, onde realmente é unha cuestión que se está tratando con moita seriedade e con moita preocupación polos técnicos e polos alcaldes alí representados, precisamente por isto, ese é o motivo.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: eu creo que xa se falou bastante por parte dos demais grupos. A ver, isto é unha obviedade, se hai unha sentenza do Tribunal Constitucional nese sentido pois hai que ... o Estado, os concellos, os oito mil concellos, ou polo menos aquela parte de concellos, ayuntamentos, que están cobrando o imposto da plusvalía, pois terán que facer as adaptacións oportunas ao respecto, perseguindo unhas pautas, non así con esa alegría, xa se dixo tamén varias veces esa palabra e non é por insistir eu tamén niso, pero é un pouco *a lo loco*, se se me permite a expresión.

Esperemos que nos di o Estado, o ministerio, esas consultas que está facendo a Femp, a Fegamp, e demais, e fagamos o que nos indican e nada mais. Non creo que haxa moito mais que divagar ao respecto, esperar as instrucións oportunas e aplicalas, nada mais.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto en contra. **Total (8) votos en contra e cinco (5) a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitado por maioría de votos en contra** o ditame.

## 6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 22 de maio ao 23 de xuño de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 462/2017 ao 610/2017. O Pleno queda enterado.

## 7. ASUNTOS URXENTES.

**A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.**

Non se presentan.

## 8. ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar paso ás preguntas presentas para esta sesión, a Sra. alcaldesa da resposta a un rogo presentado no pleno anterior polo grupo de Veciños de Bergondo:

Rogo: *que pasa coas obras das pluviais na Lagoa, as discrepancias que hai cos veciños e sobre todo as discrepancias que hai co proxecto actual, co que xa existe alí.*

Sra. alcaldesa: consultada esta cuestión, non nos figuran discrepancias cos veciños, en todo caso houbo unha pequena discrepancia con un veciño, e xa digo, non nos constan.

O grupo municipal do Partido Popular, presentou as súas preguntas por Rexistro de Entrada o día 28 de xuño, núm. 4661; o Sr. voceiro do dito grupo para seguidamente a expoñelas, son as seguintes:

*1ª Rotura de alguna tubería en camino público (campo de cartas) A Pedrosa.*

Sr. voceiro: sábese doutra mais, mais que nada porque os días que chove non, pero estes días que houbo de calor a verdade é que sae auga, incluso chega un momento en que desprende olores, algo pasou aí

Sra. alcaldesa: olores?

Sr. voceiro: si

Sra. alcaldesa: a verdade é que a única queixa que existía, e por iso pensamos que era ao que se referían, era que había un problema de presión nunhas casas, e ese foi o tema consultado, e comprobado non había nada, foise a comprobar e non había roturas de auga.

Sr. voceiro: isto parece que xurdiu cando foi por alí un camión de instalacións eléctricas poñendo unhas columnas e debeuse motivar por iso; houbo veciños que chamaron a Urbanismo e alí foi alguén de Augas...

Sra. alcaldesa: si, si

Sr. voceiro: parece ser que de malas formas, como é normal no señor que vai, pero hoxe parece ser que estaban alí outra vez; non sei se deron co problema, ou non. Debeu ser algún problema de alcantarillado que debeu forzar algún tubo o camión e....

Sra. alcaldesa: xa lle digo, aínda non hai nada, e de feito onte me contaron que non había nada, pero non quere dicir que ao mellor haxa unha rotura que aínda non está detectada.

Sr. voceiro: si, vale.

*2ª Instalación de bolardos en Outeiro, Bergondiño....motivo?*

Sr. voceiro: son do concello ou son das casas...?

Sra. alcaldesa: non, son municipais porque están ademais instalados en terreo municipal.

Sr. voceiro: por algún motivo concreto?

Sra. alcaldesa: si, houbo varias queixas reiteradas en diferente tempo, e precisamente por unha cuestión de visibilidade falouse coa policía, e en base tamén a un informe da policía local que avalaba a adopción de algunha medida, que podería ser esa, podería ter sido outra, pero igual que outras medidas que se tomaron tamén en Bergondiño, ao mellor incluso hai mais que se teñen que seguir tomando.

*3ª En Trasdoval zona cementerio, finca con terras, escombros y restos de depuradora de mataderos...solución?*

Sr. voceiro: eu xa o trouxen ao pleno hai tres ou catro meses, segue o problema, cada paso mais; sabemos que efectivamente o señor concelleiro, señor Fariña, estivo alí, vanse tomar medidas contra ese señor?...



Sra. alcaldesa: é que teñen xa aberto expediente polo Seprona, e efectivamente está requirido por aquí, xa ten aberto expediente polo Seprona e se terá que seguir actuando e probablemente sexa o propio Seprona quen...

Sr. voceiro: non é realmente a terra, os restos de poda que tira..., é outro motivo que todos sabemos, que son restos que trae do matadoiro que os deposita alí, que os quere camuflar con terra, pero que cando fai calor aquilo é un foco...

Sra. alcaldesa: os cheirumes...

Sr. voceiro: si, os cheirumes que desprende..., entón hai un expediente aberto.

Sra. alcaldesa: si, si. Algún rogo ou pregunta mais?

Sr. voceiro de VB: si, temos cinco rogos.

Rogamos que no próximo pleno nos diga como está a elaboración do Plan Xeral.

Igualmente nos diga cando vai convocar a Comisión de vertidos, se no próximo pleno nos pode indicar algo.

Rogámoslle tamén que nos indique, ou que aclare, que tipo de accións vai realizar o concello contra a sentenza da Pedralba.

E rogamos tamén que no próximo pleno, xa que neste pasado nos dixo que efectivamente a RPT está fóra de prazo que é o que se vai facer con ela.

E rogamos que revisen os vertidos de espumas no Regueiro, hoxe outra vez volve haber espumas, recórdolle que a última vez eran espumas con sabor a mar que tiñan un contido fecal do sesenta e nove por cento, polo tanto rógolle... hoxe outra vez volve haber unha cantidade bastante grande de espumas, que se revise.

O último rogo xa, que vai sendo hora que alguén do concello toma nota da finca do Cortés, en Guísamo, rogámoslle poña o foco nunha finca que está na metade de Guísamo totalmente abandonada.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Cacharrón Castelos

V. e Pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez